



Concello de Mugardos
(A Coruña)

7/2022. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 19 DE MAIO DE 2022.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as once horas e catro minutos do día 19 de maio do ano dous mil vinte e dous, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Iván Martínez González. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 15.03.2022 (4/2022), 30.03.2022 (5/2022) E 27.04.2022 (6/2022)

22 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e sométese a votación, en primeiro lugar, a acta da sesión realizada o día 15 de marzo de 2022.

O Pleno da Corporación, por 11 votos a favor (5 PP, 3 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE), e coa abstención do concelleiro D. Argemino Varela Filgueiras, por non ter asistido á sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria urxente realizada o día 15.03.2022 (4/2022).

40 s: Polo sr. Alcalde sométese a votación a acta da sesión realizada o día 30 de marzo de 2022.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 30.03.2022 (5/2022).

50 s: E por último polo sr. Alcalde sométese a votación a acta da sesión realizada o día 27 de abril de 2022.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 27.04.2022 (6/2022).

2.- EXPEDIENTE 1871/2021. ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2022.

Tras deliberación, sométese a votación o orzamento e plantilla de persoal para o exercicio 2022, unha vez confeccionado o orzamento xeral do Concello correspondente ao exercicio económico 2022 así como as súas bases de execución e a plantilla de persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 29.04.2022, e visto o informe de intervención e o informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto, obrantes no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá realizada en data 05.05.2022, e o Pleno da Corporación, por 11 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 3 EU-SON EN COMÚN) e 1 voto en contra (1 BNG), **ACORDA:**

1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Mugardos correspondente ao exercicio económico 2022, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS	
A. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Gastos de persoal.....	3.093.408,30 €
CAPÍTULO 2: Gastos correntes en bens e servizos.....	3.070.310,18 €
CAPÍTULO 3: Gastos financeiros.....	11.000,00 €
CAPÍTULO 4: Transferencias correntes.....	312.685,95 €
B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Investimentos reais.....	1.653.003,94 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de capital.....	6.906,45 €
CAPÍTULO 8: Activos financeiros.....	21.700,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros.....	0,00 €
TOTAL.....	8.169.014,82 €





Concello de Mugardos
(A Coruña)

ESTADO DE INGRESOS

A. OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO 1: Impostos directos.....	2.587.280,56 €
CAPÍTULO 2: Impostos indirectos.....	180.357,95 €
CAPÍTULO 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.318.127,96 €
CAPÍTULO 4: Transferencias correntes.....	2.806.437,45 €
CAPÍTULO 5: Ingresos patrimoniais.....	2,00 €

B. OPERACIÓNS DE CAPITAL

CAPÍTULO 6: Enaxenación de investimentos reais.....	0,00 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de capital.....	394.808,90 €
CAPÍTULO 8: Activos financeiros.....	12.000,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros.....	870.000,00 €
TOTAL.....	8.169.014,82 €

2º) Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, reservados ao persoal funcionario e os suxeitos á lexislación laboral.

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA.

CATEGORÍA		DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL	PAZAS CUBERTAS	PAZAS VACANTES	TOTAL PAZAS
Habilitación Nacional		Secretario/a	A1	30	1	0	1
Habilitación Nacional		Interventor/a	A1	30	1	0	1
Administración Xeral	Subescala Técnica	Tesorero/a Contable	A1	26	1	0	1
Administración Xeral	Subescala Administración	Administrativo/a	C1	20	3	1	4
Administración Xeral	Subescala Aux. Administración	Auxiliar Administrativo	C2	18	1	1	2
Administración Xeral	Subescala Subalterna	Ordenanza-Notificador/a	AGRUP.PROF	14	1	0	1
Administración Especial	Subescala Serv. Especiais	Xefe de Policía	C1	20	0	1	1
Administración Especial	Subescala Serv. Especiais	Policía Local	C1	20	3	0	3
TOTAL					11	3	14

B) PERSOAL LABORAL FIXO E TEMPORAL.

TIPO DE CONTRATO	XORNADA	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL	PAZAS CUBERTAS	PAZAS VACANTES	TOTAL PAZAS
Fixo	Completa	Arquitecta Técnica	A2	21	1	0	1
Fixo	Completa	Bibliotecaria-Arquiveira	A2	20	1	0	1
Fixo	Completa	Administrativa de	C1	20	1	0	1





Concello de Mugardos
(A Coruña)

		Cultura e OIMX					
Fixo	Completa	Oficial de 1º Encargado	C2	18	0	1	1
Fixo	Completa	Oficial de 1º Servizo de Auga	C2	18	0	1	1
Fixo	Completa	Oficial de 2º Servizos	C2	16	1	1	2
Fixo	Completa	Oficial de 2º Servizo Lixo-Chófer	C2	16	1	0	1
Fixo	Completa	Oficial de 2º Servizos múltiples-Chófer	C2	16	0	1	1
Fixo	Completa	Peón de Servizos	AG.PROF	14	2	0	2
Fixo	Completa	Peón de Servizo Lixo	AG.PROF	14	2	0	2
Fixo	Completa	Conserxe escolas municipais	AG.PROF	14	1	1	2
Fixo	Completa	Conserxe polideportivo	AG.PROF	14	1	0	1
Fixo	Completa	Limpador/a edificios municipais	AG.PROF	14	4	2	6
Fixo	Parcial	Arquitecta	A1	28	1	0	1
Fixo	Completa	Oficial de 2º-GES	C2	16	8	0	8
Temporal	Completa	Psicóloga	A1	20	1	0	1
Temporal	Completa	Axente de desenvolvemento local	A1	20	1	0	1
Temporal	Completa	Traballadora Social	A2	20	1	0	1
Temporal	Completa	Animadora Sociocultural	C1	20	1	0	1
Temporal	Completa	Técnico Deportivo	C1	20	1	0	1
Temporal	Completa	Auxiliar Administrativa Serv. Sociais	C2	18	1	0	1
Temporal	Completa	Auxiliares de axuda no fogar	AG.PROF	14	12	0	12
Temporal	Parcial	Traballadora Social	A2	20	1	0	1
Temporal	Completa	Oficial de 2º-GES	C2	16	4	0	4
TOTAL					47	7	54

3º) Aprobar o teito do gasto ou límite de gasto non financeiro en 7.552.154,20 euros.

4º) Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2022, as bases de execución e a plantilla de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

5º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

6º) Tomar coñecemento do informe de intervención de avaliación da estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do nivel de débeda.

DELIBERACIÓN





Concello de Mugardos
(A Coruña)

55 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1 min 07 s: Polo sr. Mahía Prados faise, en primeiro lugar, un repaso da situación orzamentaria da que se partiu, da folla de ruta que se marcou cos anteriores orzamentos e da liña que se está a seguir na confección de orzamentos; orzamentos no que se conxelan as taxas e impostos dos veciños, que seguirán a pagar o mesmo que ata o de agora. De seguido di que o presente orzamento non vai enlazado con ningún tipo de instrumentación fiscal e a continuación fai un breve resumo dalgunhas das partidas máis significativas que se incluíron no orzamento, sinalando que se tiveron en conta as aportacións dos grupos municipais. A continuación o sr. Mahía Prados remarca que os presentes orzamentos cubren todo o que ten que ver con dependencia e servizos sociais, cubren todo o que ten que ver cos servizos básicos da rede de sumidoiros, de augas, de sumidoiros, reparacións e dotan a Mugardos de infraestruturas que se levan demandando durante moitos anos. Para rematar o sr. Mahía Prados fai un breve resumo dos investimentos que se atopan incluídos no orzamento, incluída a construción do novo edificio da biblioteca e a reforma do Mercado Municipal.

13 min 25 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

13 min 40 s: O sr. Varela Filgueiras di que normalmente antes do pleno de aprobación dos orzamentos estaríase a celebrar o Pleno sobre o debate do estado do municipio, xa que anteriormente estaba recollido no Regulamento Orgánico de Funcionamento, pero que o equipo de goberno, coa colaboración do PSOE, decidiu privarlles dese debate; debate que cre que era moi necesario para que a veciñanza puidese ter un resumo global da vila e no que os grupos políticos se posicionasen e desen unha memoria de cal é a realidade do presente e como cada quen afronta o futuro máis inmediato. De seguido di que ese debate facíase antes da aprobación dos orzamentos xa que se entendía que era a data máis apropiada ao afrontarse un novo exercicio económico. A continuación o sr. Varela Filgueiras, no que atinxe aos orzamentos, di que o goberno municipal volveu a incumprir o compromiso adquirido de presentar os orzamentos en data e hora e ademais entende que estes orzamentos





Concello de Mugardos
(A Coruña)

non son un instrumento válido nin axeitado para facer fronte aos problemas que ten o Concello e a súa veciñanza, xa que as prioridades non responden as demandas e ás necesidades da poboación, e non inclúen ningunha medida destinada á creación de emprego, nin de apoio ao comercio local e á hostalería, nin hai ningún plan de reactivación económica. De seguido, di que o orzamento debería centrar os seus obxectivos en solucionar os problemas existentes no Concello, principalmente en materia de emprego, desenvolvemento económico, servizos sociais, culturais e medioambientais, e non se lle dá a mínima importancia á xuventude, e segue sen cumprirse a lei outorgando subvencións sen concorrencia previa, sen obxectividade e refuxiándose na concesión nominativa, non recollendo ningunha acción concreta en materia de medioambiente. A continuación di que van a votar en contra porque se sinten máis enganados que defraudados e porque cren que están novamente ante un proxecto de orzamentos municipais que non afronta ningunha reforma estrutural e que mantén unhas prioridades que nada teñen que ver coas necesidades actuais da veciñanza mugardesa. De seguido, o sr. Varela Filgueiras fai un breve resumo das cousas que cren que necesita o Concello e a continuación di que o orzamento do ano 2020 aprobouse no Pleno do 16 de setembro de 2020, e que naquel momento o retraso xustificábase en que algún grupo político estivera torpedeando os orzamentos coa presentación de alegacións ao Regulamento Orgánico Municipal e que hoxe non hai ningún tipo de alegación ao Regulamento nin aos orzamentos e aínda así estase moito máis aló do 1 de xaneiro de 2021 e incluso do 1 de xaneiro do ano 2022 e que ademais agora este goberno ten tantos ou máis reparos que o goberno anterior. Para rematar di que é moi difícil chegar a un acordo orzamentario cando xa se trae o orzamento pechado e onde calquera emenda ten que ir en contra doutra partida, e que para evitar isto sería necesario consensuar antes falando cos grupos da oposición e non só dicíndolles que presenten achegas, algo que no caso do BNG non se fixo; sinalando que a pandemia cambiou case todo e que hai que rectificar e aceptar que o goberno necesita aos grupos da oposición para levar a cabo e acadar acordos maioritarios, que é o que a cidadanía está a demandar.

21 min 14 s: O sr. Alcalde intervéñ para darlle a palabra ao sr. Martínez Bardanca.

21 min 17 s: O sr. Martínez Bardanca di que queren agradecer que se tivesen en conta as súas aportacións e que en canto ao pleno do estado do municipio di que el sempre aproveita a liquidación e o estado de contas para poder dicir un pouco o que pensa de como está o Concello, e que como ese Pleno non se convocaba, aínda que existise a figura no Regulamento Orgánico, ese foi o motivo polo que estiveron de acordo en que non estivese no Regulamento Orgánico Municipal. De seguido, e no que atinxe ao tema dos orzamentos, di que agradece que se tivesen en conta tódalas súas propostas para o tema de investimentos; considerando fundamentais os investimentos efectuados tanto na biblioteca como no arranxo dos distintos camiños municipais. De seguido di que se alegran de que veña a Festa do Polbo recollida no orzamento e que no que atinxe ás melloras do alumado seguen a insistir na mellora





Concello de Mugardos
(A Coruña)

no centro do pobo. A continuación, no referente ás obras do POS, di que entenden que deberían ir incluídas nos orzamentos xa que son obras anuais e serían moi orzamentables e evitaríase ter que facer modificacións de crédito contínuas para poder facer esas obras. De seguido, no referente ás taxas, di que están mais ou menos conxeladas pero aseguran o mantemento dos servizos de dependencia e os gastos correntes, tendo en conta que se ven da crise da COVID, da inflación debido á guerra, e que ademais neste exercicio se deixa de percibir o pagamento do IAE de Reganosa. A continuación o sr. Martínez Bardanca di que votarán a favor dos orzamentos, a pesar de que seguen a ter dúbidas nalgúns cuestións, dado que comprometeran o seu apoio si se tiñan en conta as súas propostas e tendo en conta, así mesmo, a necesidade de programar o que vai a ser no futuro o Concello. E xa para rematar, o sr. Martínez Bardanca fai un resumo dos incumprimentos de varias partidas do orzamento do ano 2020.

29 min 56 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste segundo turno de intervencións.

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS


30 min 10 s: O sr. Varela Filgueiras formula dúbidas técnicas no que atinxe a varias das partidas incluídas no orzamento.

INCIDENCIA: Faise constar que durante a intervención do concelleiro D. Argemino Varela Filgueiras, sendo as 11.38 horas, auséntase o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, reincorporándose á sesión ás 11.41 horas durante a intervención do concelleiro D. José Ángel Martínez Bardanca.

34 min 37 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Martínez Bardanca.

34 min 42 s: O sr. Martínez Bardanca recalca que son os orzamentos do goberno aínda que leven o seu apoio, e indica os investimentos que non se executaron correspondentes ao ano 2020, pedindo que dado que se inclúen partidas en investimentos que polo goberno se dea prioridade á súa realización. De seguido, no que respecta ao persoal, di que actualmente hai unha RPT e que varios postos de traballo non están cubertos, e que en concreto no departamento de servizos hai sete prazas libres dun total de trece prazas, e que nese sentido deben cumprirse os orzamentos e que si se ten un número de traballadores orzamentados estes deberían





Concello de Mugardos
(A Coruña)

de estar contratados, porque isto repercute directamente nos veciños, e debería ser unha prioridade absoluta do goberno cubrir esas prazas. A continuación o sr. Martínez Bardanca, no referente á área de obras e servizos e concretamente no que atinxe a material e vehículos, di que o Concello non amortiza os bens e polo tanto parece que os coches de policía ou as furgonetas de obras e servizos van a durar toda a vida, cando algún deses vehículos debería estar xa fora de circulación, e que a pesar de ser un material imprescindible e necesario para poder atender as necesidades da veciñanza non se renovou dende que está el de concelleiro, sendo imprescindible cubrir esas necesidades. De seguido, di que tamén vota de menos que se busque a participación dos veciños, dalgún xeito, na redacción dos orzamentos. E xa para rematar, e no que atinxe ás obras do Mercado Municipal, di que se van a ter que asumir con fondos municipais 108.000 euros, e que están a favor de que se faga a obra do Mercado, sexa co diñeiro que sexa, pero que isto non quita a realidade que hai nesta cuestión.

40 min 41 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Mahía Prados.

40 min 44 s: O sr. Mahía Prados agradece as aportacións realizadas por tódolos grupos municipais así como totalas aportacións e inquedañas expostas na presente sesión plenaria e nas comisións informativas, agradecendo tamén o respecto que hai á tramitación dos orzamentos e a altura de miras que se está a ter. Para rematar, o sr. Mahía Prados agradece aos servizos de tesourería e intervención, así como á recadación municipal, o seu traballo durante todo o tempo de tramitación dos orzamentos.

42 min 03 s: O sr. Alcalde dá por finalizado o debate sobre o asunto sometendo o mesmo a votación.

3.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2022-0444, DE DATA 12.05.2022, RELATIVA A “INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA O CONCELLO DE FERROL”.

42 min 19 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e faise unha breve exposición sobre o contido da resolución da alcaldía que se somete á ratificación polo Pleno da Corporación. A continuación, o sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS





Concello de Mugardos
(A Coruña)

43 min 33 s: O sr. Martínez Bardanca di que cren que esta non é a vía máis axeitada para unha cuestión tan importante, xa que o abastecemento de auga é un servizo básico e fundamental, e que seguramente a forma máis axeitada sería levar esta cuestión a través dun acordo, xa que ao meterse nun tema xudicial os prazos vanse a alongar no tempo e retrasarase a posibilidade de que a tubería sexa reparada. De seguido di que non obstante van a dar o seu apoio se esta é a única saída que se ve para poder realizar a obra.

44 min 23 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións e dado que ningún grupo municipal solicita a apertura deste segundo turno somete o asunto a votación.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a Ratificación da resolución da alcaldía núm. 2022-0444, de data 12.05.2022, relativa a “Interposición de recurso contencioso-administrativo contra o Concello de Ferrol”, e o Concello Pleno, visto o informe emitido pola secretaría municipal, obrante no expediente, e tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medioambiente realizada en data 12.05.2022, por 9 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 1 BNG) e 3 abstencións (3 EU-SO EN COMÚN), acorda ratificar a citada resolución da alcaldía núm. 2022-0444, de data 12.05.2022, que copiada literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Alcalde-Presidente

Juan Domingo De Deus Fonticoba

ASUNTO: Interposición de recurso contencioso-administrativo contra o Concello de Ferrol

Con data 15-11-2021 este Concello xunto cos de Ares e Fene, e en uso da facultade prevista no artigo 44 LXCA, remitiron un requirimento ao Concello de Ferrol (recibido por este en data 19-11-2021) para que inicie a actividade conducente á reparación/mantemento da tubería maestra pola cal subministrase aos citados Concellos auga potable a cal ven sendo subministrada de xeito regular e continua dende o ano 1994, se ben dito subministro remontase a datas moi anteriores ata que foi obxecto de substitución por ditas tuberías maestras na ponte das Pías.

Non constando que a Administración requirida respondese a dito requirimento durante o prazo dun mes nin tampouco que atendese ao requirido, enténdese que o Concello de Ferrol rexeitou o requirimento do Concello de Mugardos.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Á vista da concorrencia de razóns de interese público considérase que procede a interposición dun recurso contencioso-administrativo contra o Concello de Ferrol, motivado pola desatención das súas obrigas que, de persistir no tempo, poden derivar en danos e prexuízos ao Concello de Mugardos.

Tendo en conta o informe emitido pola secretaría municipal en data 04.05.2022, obrante no expediente, así como o ditame da comisión informativa de obras, servizos e medioambiente realizada en data 12.05.2022.

*E atendendo á urxencia de adoptar o pertinente acordo para poder interpoñer, dentro do prazo legalmente establecido, recurso contencioso-administrativo contra o Concello de Ferrol pola desatención das súas obrigas de mantemento das tuberías maestras situadas na ponte das Pías, pola presente **RESOLVO**:*

1.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra o Concello de Ferrol a fin de que execute as actuacións ás que atópase obrigado para dotar dun adecuado mantemento ás tuberías maestras situadas na ponte das Pías que abastecen de auga potable a este municipio.

2.- Ratifíquese a presente resolución da alcaldía polo Pleno da Corporación, se así o considera convinte, na seguinte sesión que se celebre.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.”

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás once horas e corenta e oito minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (audio-acta) que forma parte da acta, no que á transcrición das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<https://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=45>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
824e56eebafcb465de38b95b5f3826e0d76830392614da32aea8e42f8c898bc1

Vº e praxe





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O ALCALDE

